

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE XULIO CAMBA.

CURSO: 6º EP

MATERIA: LINGUA CASTELÁ. LINGUA GALEGA. MATEMÁTICAS.

CIENCIAS SOCIAIS. CIENCIAS NATURAIS. PLÁSTICA/ARTS. VALORES.

DATA: 11/05/2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

MATEMÁTICAS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Propón resolución de problemas con interese apropiado ao seu nivel.	6º-MTB1.4.1 - Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación.
Le, escribe e ordena números naturais, decimais, fraccións... interpretando o valor de posición das súas cifras.	6º-MTB2.1.2 - Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Utiliza distintos tipos de números en contextos reais.	6º-MTB2.5.2 - Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
Redondea números decimais a décima, centésima e milésima	6º-MTB2.3.2 - Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima
Estima lonxitudes, masas, capacidades e superficies elixindo a unidade mais axeitada.	6º-MTB3.1.1 - Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
Opera con números segundo a xerarquía das operacións.	6º-MTB2.5.1 - Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.
Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número	6º-MTB2.6.2 - Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.
Realiza sumas , restas e multiplicacións con decimais.	6º-MTB2.6.3 - Realiza operacións con números decimais.

CIENCIAS SOCIAIS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realiza traballos e presentacións con axuda dos compañeiros e/ou profesor	6º-CSB1.4.1 - Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
Utiliza as TIC para elaborar traballos	6º-CSB1.2.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
Localiza con dificultade e axuda algúns dos elementos máis representativos de Europa, así como as vertentes hidrográficas e os diferentes tipos de clima.	6º-CSB2.4.1 - Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.

Recoñece e usa o termo Unión Europea. Localiza nun mapa, con axuda, os países membros e recoñece, con dificultade as súas capitais.	6º-CSB3.1.1 - Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.
Sinala, con axuda e preguntas guiadas, algunhas das características da poboación española e europea.	6º-CSB3.3.1 - Describe as principais características da poboación española e europea.
Nomea os tres sectores de actividades económicas e recoñece algunhas das súas características que lle permiten clasificar distintas actividades segundo o grupo ao que pertencen.	6º-CSB3.5.1 - Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.

LINGUA CASTELÁ

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Transmite as ideas con claridade e coherencia.	6º-LCB1.1.2 - Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.
Exprésase cunha articulación e entoación.	6º-LCB1.3.1 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción
Comprende a información xeral en textos orais da vida cotiá.	6º-LCB1.4.2 - Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas diferentes funcións da linguaxe.	6º-LCB1.5.1 - Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade nas expresións axeitadas para as diferentes funcións da linguaxe.
Identifica o tema dun texto.	6º-LCB1.6.1 - Identifica o tema do texto.
Identifica as ideas principais dun texto.	6º-LCB1.6.2 - Identifica as ideas principais dun texto.
Resume un texto distinguindo as ideas principais e secundarias.	6º-LCB1.6.3 - Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.
Descodifica con rapidez todo tipo de palabras.	6º-LCB2.1.2 - Descodifica con precisión e rapidez todo tipo de palabras.
Elabora resumos de diferentes tipos de textos.	6º-LCB2.4.2 - Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.
Elabora esquemas a partir de textos expositivos.	6º-LCB2.4.4 - Elabora esquemas a partir de textos expositivos.
Escribe textos propios do ámbito da vida cotiá, escolar e social e distintos soportes según modelos.	6º-LCB3.1.1 - Escribe, en diferentes soportes, textos propios do ámbito da vida cotiá, do ámbito escolar e social: diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, textos literarios, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas, solicitudes.
Escribe textos organizando as ideas con claridade respectando as regras ortográficas e gramaticais	6º-LCB3.1.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
Identifica as categorías gramaticais pola súa función na lingua.	6º-LCB4.1.1 - Identifica todas as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar

	ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras ou oracións.
Recoñece e usa as normas ortográficas nas súas composicións escritas.	6º-LCB4.3.3 - Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.
Usa os signos de puntuación.	6º-LCB4.4.4 - Usa con corrección os signos de puntuación.
Aplica as normas do uso da til.	6º-LCB4.4.5 - Aplica as normas do uso da til.

PLÁSTICA/ARTS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Representa algúns elementos reais en papel e plastilina.	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo mais axeitadas para as súas creacións, manejando os materiais e instrumentos.
Utiliza as cores con sentido estético, de xeito máis autónomo	EPB2.1.3. Utiliza as cores, as mesturas e a tonalidade con sentido estético, de forma cada vez máis autónoma.
Utiliza ceras e rotuladores para os debuxos, usando liñas de distinto grosor e algunha sombra.	EPB2.1.6. Utiliza ceras, rotuladores, tintas, plumas etc. para os debuxos usando liñas grosas, finas, sombras, manchas, etc.
Recorta, encarta e pega con suficiente precisión para que se recoñeza ao final unha forma tridimensional concreta.	EPB2.1.12. Recorta, encarta e pega con precisión, con distintos materiais e texturas, creando formas tridimensionais.
Realiza liñas rectas coa regra.	EPB2.2.4. Realiza trazados con precisión utilizando ferramentas básicas.
Emprega os materiais máis apropiadas para cada tarefa, seguindo as indicacións dadas.	EPB2.5.3. Selecciona e utiliza os materiais de forma apropiada e responsable, segundo as súas posibilidades plásticas e os resultados marcados.

CIENCIAS NATURAIS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realiza traballos e presentacións con axuda dos compañeiros e/ou profesor	6º-CSB1.4.1 - Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
Utiliza as TIC para elaborar traballos	6º-CSB1.2.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións	6º -CNB2.2.1 - Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.	6º -CNB2.3.1 - Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
Identifica as características e clasifica os seres vivos nos cinco reinos.	6º -CNB3.2.1 - Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos
Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos e nomea algunhas causas de extinción de especies.	6º -CNB3.3.3 - Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.

LINGUA GALEGA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral identificando o tema e elaborando un resumo.	6º-LGB1.1.1 - Comprende as ideas principais e secundarias dun texto oral, procedente da radio, da televisión ou de internet, identificando o tema e elaborando un resumo
Comprende a información de textos de medios de comunicación ou de situacións cotiás.	6º-LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.
Localiza a información concreta dun texto deducindo o significado de palabras polo contexto.	6º-LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
Realiza o resumo dun texto.	6º-LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto.
Elabora un texto con claridade e coherencia.	6-LGB3.1.2 - Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados.
Respecta as regras de puntuación no texto.	6º-LGB3.1.3 - Respecta as regras de puntuación no texto.

Aplica a ortografía, acentuación e morfosintaxe.	6º-LGB3.1.4 - Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.
Elabora textos narrativos , expositivos e descritivos adaptando a linguaxe ás súas características.	6º-LGB3.2.3 - Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
Escribe textos coherentes usando o rexistro adecuado.	6º-LGB3.2.4 - Escribe textos coherentes e cohesivos, usando o rexistro adecuado.
Diferencia a sílaba tónica e a átona.	6º-LGB4.1.3 - Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
Identifica as oracións simples recoñecendo o suxeito, o verbo e os seus complementos.	6º-LGB4.1.5 - Identifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome.
Aplica as normas de ortografía xerais e diacríticas.	6º-LGB4.2.1 - Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas.
Emprega os signos de puntuación.	6º-LGB4.3.1 - Emprega con correccións os signos de puntuación.
Usa unha sintaxe adecuada.	6º-LGB4.3.2 - Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: Revisión das cualificacións do 1º e 2º trimestre e valoración das actividades de reforzo e repaso así como das de recuperación.</p>
	<p>Instrumentos: Fichas online tres días a semana pola aplicación Edmodo e os que non poden, fichas impresas sobre o contido de repaso e reforzo deste período. Para o alumnado cos anteriores trimestres suspensos valorarase a realización dunha proba final si fose necesario.</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso. - 2ª avaliación: computará un 40% do total da cualificación final do curso. - 3ª avaliación: valoración da realización das actividades de repaso/reforzo durante o período non presencial cun 20% do total da cualificación final do curso. <p>Valorarase que sexan entregadas actividades propostas de TODAS as semanas (salvo causas de forza maior), e que haxa un esforzo por parte de cada alumno/a no desempeño das tarefas, acorde coas súas capacidades e coa situación que se está a vivir.</p> <p>De ser o caso tamén se terá en conta as probas de recuperación realizadas.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Presentaranse ao alumnado actividades de repaso e reforzo dos contidos traballados durante o 1º e 2º trimestre. Ademais, para o alumnado con materias suspensas nos anteriores trimestres presentaráselle a maiores algunhas actividades de recuperación.</p> <p>A organización das tarefas será acorde co número de sesións semanais da materia evitando a saturación de traballo e enviaráselle tarefas tres veces a semana despois da clase de vídeoconferencia dos luns, mércores e venres, onde se lle explicarán para que non teñan dificultade na súa realización.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Traballo co alumnado pola plataforma Edmodo, onde os alumnos entregan o seu traballo e o mestre, este o corrixe e o devolve habendo unha interacción moi grande.</p> <p>Clases virtuais varios días a semana con todo o alumnado, ademais das individuais que sexan necesarias pola aplicación Webex Meetings.</p> <p>Os dous alumnos que tiñan problemas para conectarse o centro deixoulle tablets para traballar.</p> <p>Todas as actividades son de reforzo, aínda que como este curso pasan para Secundaria, entendemos que debemos presentarlle todo o temario para que o coñezan aínda que non sexa avaliable.</p> <p>Dadas a dificultade dalgúns familias para dispoñer de dispositivos electrónicos para o traballo online, de conexión de calidade a internet,</p>

	<p>poucos coñecementos informáticos para enfrontarse a desenvolvemento deste tipo de traballos o centro facilita as fichas impresas para que cheguen cada semana.</p> <p>As familias poden poñerse en contacto cós titores ante calquera dúbida, problema.</p>
Materiais e recursos	Plataforma de Xunta Webex, aula virtual do colexio, programa Edmodo, actividades impresas facilitadas polo centro.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Abalarmóbil.</p> <p>Correo electrónico.</p> <p>Teléfono.</p> <p>Web e aula virtual.</p> <p>Videoconferencias por Webex.</p> <p>Edmodo.</p>
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.